



### CONCELLOS

#### CERVO

##### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Cervo, na sesión ordinaria celebrada o día 9 de abril de 2026, acordou a aprobación provisional da derogación da Ordenanza Fiscal nº 9, reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de enseres.

De conformidade co disposto no artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente sométese a información pública polo prazo de trinta (30) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

No caso de que non se presenten reclamacións durante o citado prazo, o acordo de aprobación provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do citado texto legal.

Cervo, 13 de abril de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 0934

### A FONSAGRADA

##### *Anuncio*

CONVOCATORIA PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2026. MONITOR DE TURISMO E TEMPO LIBRE

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2026, fanse públicas as bases de selección para a contratación con carácter temporal dun/dunha monitor/a de turismo e tempo libre, ao abeiro do Programa de reforzo do emprego 2026 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

**Lugar e prazo de presentación de solicitudes:** No Rexistro Xeral Electrónico do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**Requisitos:** Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org))

A Fonsagrada, 16 de abril de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 0976

##### *Anuncio*

CONVOCATORIA PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2026: UN PALISTA, UN SOLDADOR, TRES ALBANEIS, DOUS TRACTORISTAS, DOUS PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS E DOUS PEÓNS DE LIMPEZA VIARIA (XORNADA 50%)

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2026, fanse públicas as bases de selección para a contratación con carácter temporal dun palista, un soldador, tres albaneis, dous tractoristas, dous peóns de obras e servizos e dous peóns de limpeza viaria (xornada 50%) ao abeiro do Programa de reforzo do emprego 2026 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios, na Sede Electrónica e na páxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org))

A Fonsagrada, 16 de abril de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 0977

## GUNTÍN

### Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación de data 14/04/2026, o Orzamento Xeral para o Exercicio económico de 2.026, bases de execución, anexo de persoal e cadro de persoal, en cumprimento do disposto no art. 169.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Guntín, 14 de abril de 2026.- O alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 0935

### Anuncio

#### APROBACIÓN INICIAL E EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE GUNTÍN

Por Acordo do Pleno municipal de data 14 de abril de 2026, resultou aprobada inicialmente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Guntín como segue:

Cód.	Denominación do posto	Tipo	Dot.	C.D.	C.E.	TP	FP	Adscrición				Titulación académica	Formación específica	Observacións
								ADM	Grupo	Escala	Subescala			
1000	Secretario/a-Interventor/a	F	1	28	Según convenio de agrupación	S	C	AE	A1	Habilitación Nacional	Secretaría-Intervención	Licenciatura/Grao Universitario	-	(1)
1001	Informador/a Xuvenil-Técnico/a de Xestión	F/L	1	20	12.351,62 €	S	C	AL	A2	Administración Xeral	Xestión	Diplomatura/Grao Universitario	-	(2)
1002	Administrativo/a-Tesoureiro/a	F	1	20	10.255,03 €		C	AL	C1	Administración Xeral	Administrativa	Bacharelato/Técnico	-	Complemento tesourería 14.989,65 €
1003	AEDL	L	1	20	10.163,88 €		C	AL	II	-	-	Diplomatura/Grao Universitario	-	-
1004	Administrativo/a	F/L	1	18	8.431,92 €	S	C	AL	C1	Administración Xeral	Administrativa	Bacharelato/Técnico	-	(2)
1005	Administrativo/a	F	1	18	7.611,51 €		C	AL	C1	Administración Xeral	Administrativa	Bacharelato/Técnico	-	-
1008	Alguacil-Porteiro/a	F	1	14	2.916,99 €		C	AL	AP	Administración Xeral	Subalterna	Sen requirimento de titulación	-	(3)
1009	Conserxe	F	1	14	2.916,99 €		C	AL	AP	Administración Xeral	Subalterna	Sen requirimento de titulación	-	(3)

1) Complementos salariais establecidos polo Decreto 31/2021, do 11 de febrero, polo que se aproba a disolución da agrupación entre os concellos de Guntín e Portomarín para o sostemento en común do posto de secretaria e a constitución dunha agrupación voluntaria entre os concellos de Taboada e Guntín para o mantemento en común do posto de secretaria. DOG 36, do martes, 23 de febrero de 2021.

(2) Posto con funcións reservadas a funcionario que pode ser ocupado por persoal laboral fixo consecuencia do proceso de estabilización resultado da aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Nomeamento publicado no BOE núm. 113, do xoves 23 de abril de 2020.

(3) O titular do posto de traballo percibirá un complemento persoal e transitorio pola diferenza entre as retribucións actuais e a dotación do posto de traballo.

NOTA: Os complementos salariais son os correspondentes ao exercicio económico de 2025

Cód.	Denominación do posto	Tipo	Dot.	C.D.	C.E.	TP	FP	Adscrición				Titulación académica	Formación específica	Observacións
								ADM	Grupo	Escala	Subescala			
2000	Arquitecto/a	F	1	24	7.429,20 € (4)		C	AL	A1	Administración Especial	Técnica	Licenciatura/Grao Universitario	-	Tempo parcial 50% da xornada
2001	Asesor/a Técnico/a	L	1	20	10.163,88 €		C	AL	II	-	-	Diplomatura/Grao Universitario	-	-
3009	Peón	L	2	14	11.576,79 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	-
3019	Peón limpeza	L	1	14	6.070,98 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	-
4002	Traballador/a Social	L	2	20	9.161,16 €		C	AL	II	-	-	Diplomatura/Grao Universitario	-	-
4007	Auxiliar Axuda a Domicilio	L	3	14	4.922,42 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	-
4010	Encargado/a PAI	L	1	14	2.187,74 €		C	AL	X	-	-	Técnico Superior	-	-
4015	Persoal Apoio PAI	L	1	14	1.276,18 €		C	AL	III	-	-	Bacharelato/Técnico	-	-

(4) Complemento correspondente a unha xornada do 50%

NOTA: Os complementos salariais son os correspondentes ao exercicio económico de 2025

De conformidade co disposto nos artigos 38 e 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, sométese o expediente a información pública por prazo de 20 días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello [<https://guntin.sedelectronica.gal/info.0>].

A Relación de Postos de traballo considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Guntín, 14 de abril de 2026.- O alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 0936

## O SAVIÑAO

### Anuncio

Mediante Decreto de Alcaldía 2026-0124 de data 09/04/2026, aprobáronse as bases específicas para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, de 2 PEÓNS ao abeiro do Plan Deputación de cooperación cos concellos 2026 (Programa B.3 reforzo do emprego), en réxime de persoal laboral temporal por circunstancias da produción (artigo 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores), (Expte. 515/2026).

Lugar de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de O Saviñao (físico ou electrónico) ou a través de calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo de presentación: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP de Lugo.

Máis información: as bases específicas da convocatoria poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de O Saviñao (<http://concellodosaviniao.sedelectronica.gal>)

O Saviñao, 10 de abril de 2026.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0937

### Anuncio

Mediante Decreto de Alcaldía 2026-0123 de data 09/04/2026, aprobáronse as bases específicas para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, de 2 CHÓFERES TRACTOR DESBROZADORA ao abeiro do Plan Deputación de cooperación cos concellos 2026 (Programa B.3 reforzo do emprego), en réxime de persoal laboral

temporal por circunstancias da produción (artigo 15.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores), (Expte. 518/2026).

Lugar de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de O Saviñao (físico ou electrónico) ou a través de calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo de presentación: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP de Lugo.

Máis información: as bases específicas da convocatoria poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de O Saviñao (<http://concellodosaviniao.sedelectronica.gal>)

O Saviñao, 10 de abril de 2026.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0938

---

### *Anuncio*

Mediante Decreto de Alcaldía 2026/0125 de data 09/04/2026, aprobáronse as bases específicas para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, de 1 ENCARGADO DE OBRAS ao abeiro do Plan Deputación de cooperación cos concellos 2026 (Programa B.3 reforzo do emprego), en réxime de persoal laboral temporal por circunstancias da produción (artigo 15.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores), (Expte. 531/2026).

Lugar de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de O Saviñao (físico ou electrónico) ou a través de calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo de presentación: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP de Lugo.

Máis información: as bases específicas da convocatoria poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de O Saviñao (<http://concellodosaviniao.sedelectronica.gal>)

O Saviñao, 10 de abril de 2026.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0939

---

### *Anuncio*

Mediante Decreto de Alcaldía 2026/0127 de data 09/04/2026, aprobáronse as bases específicas para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, de 1 OFICIAL DE PRIMERA DE OBRAS ao abeiro do Plan Deputación de cooperación cos concellos 2026 (Programa B.3 reforzo do emprego), en réxime de persoal laboral temporal por circunstancias da produción (artigo 15.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores), (Expte. 532/2026).

Lugar de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de O Saviñao (físico ou electrónico) ou a través de calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo de presentación: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP de Lugo.

Máis información: as bases específicas da convocatoria poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de O Saviñao (<http://concellodosaviniao.sedelectronica.gal>)

O Saviñao, 10 de abril de 2026.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0940

---